



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 03-02-2021

No salón de Plenos da Casa do Concello de Ponteceso (A Coruña) ás 09:30 horas do día 03 de febreiro de 2021, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Xosé Lois García Carballido, reúnese, en primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local co obxecto de celebrar a sesión ordinaria convocada en legal forma para o día da data.

### ASISTENTES:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE  
D. XOSÉ LOIS GARCÍA CARBALLIDO

### SRES. CONCELLEIROS/AS PRESENTES.-

D<sup>a</sup>. NOELIA MARÍA VARELA SUÁREZ  
D<sup>a</sup> MARÍA TERESA CHOUCIÑO CALVETE

**SECRETARIA:** D<sup>a</sup> ANTÍA PENA DORADO

### AUSENTES:

**INTERVENTORA:** D<sup>a</sup> LUCÍA MATA RODRÍGUEZ

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente exixido polo artigo 113.1.c) do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

### 1.- APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES.-

Aprobación da acta da sesión ordinaria do 17-12-2021. Pola presidencia pregúntase aos asistentes se hai algunha aclaración, non existindo enténdese aprobada por unanimidade.

2.- Expedientes de aprobación dos instrumentos de desenvolvemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal e instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización: **Non constan**

3.- Expedientes de concertación de operacións de tesourería que lle corresponderán cando o importe acumulados das operacións vivas en cada momento non supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior: **Non constan**

4.-Expedientes de contratación e celebración de contratos privados conforme a Disposición adicional segunda da LCSP: **Non constan**

5.- Aprobación de proxectos de obra e servizos non previstos nos orzamentos: **Non constan**

6.-Petición e aceptación de subvencións:

**6.1 EXPEDIENTE: 2021/A008/000005. CULTURA SUBVENCIÓN MANDTEMENTO PERSOAL TÉCNICO DE CULTURA 2021 (FO206/2021)**



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Por parte da presidencia expónse a proposta de alcaldía que no seu literal di:

### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

#### **Programas da Deputación Provincial da Coruña de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou creación de postos de traballo de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2021 (FO206/2021)**

#### **ANTECEDENTES**

1.- No BOP núm. 5, do 11/01/2021, saen publicadas as Bases reguladoras, en réxime de concorrencia non competitiva, do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou contratación de persoal técnico nos servizos municipais de cultura 2021. (Resolución do Presidente da Deputación núm. 322 do 8 de xaneiro de 2021).

No BOP núm. 12, do 20/01/2021, publícase o extracto da Resolución número 2021/1077 do 20/01/2021, pola que se aproba a convocatoria do “Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou contratación do persoal técnico nos servizos municipais de cultura, durante o ano 2021” (FO206/2021).

A documentación a presentar é a seguinte:

- Documento acreditativo da delegación da alcaldía/presidencia, no seu caso, no que se especifique o alcance da dita delegación (presentación telemática das solicitudes de subvencións, sinatura electrónica de todos os documentos necesarios para a súa tramitación, incluíndo as certificacións).
- Certificación acreditativa do acordo de solicitude.
- Autorización para que a Deputación poida obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está o corrente nas súas obrigas tributariase coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos das subvencións.
- Documento acreditativo da aprobación da última conta xeral que legalmente sexa exixible e da súa presentación perante os órganos de control externo.
- Modalidade de subvención á que opta.
- Orzamento estimado dos gastos derivados da contratación e declaración doutras subvencións concedidas ou solicitadas para o mesmo obxecto.
- Declaración de compromiso da utilización da lingua galega na realización e desenvolvemento dos proxectos e actividades e de participación nas actividades formativas organizadas pola área de Cultura da Deputación da Coruña no ámbito das políticas culturais.



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail:

CIF: P1506900H  
REL. : 01150682  
RELG.: MU 2000/15

**CONCELLO DE PONTECESO**

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

*Vistas as competencias da alcaldía, conforme ao artigo 21 das Bases de Réxime Local e que no Concello de Ponteceso están delegadas na Xunta de Goberno Local, segundo Resolución de Alcaldía 374/2019 e 283/2020.*

**Propoño á Xunta de Goberno Local:**

*PRIMEIRO.- Acordar a solicitude de subvención do Programa da Deputación Provincial da Coruña de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou creación de postos de traballo de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2021 (FO206/2021); de acordo coas bases dos BOP, obrigas e compromisos recollidos no resto da documentación.*

*A modalidade de subvención que se solicita é a modalidade B: mantemento do posto de traballo de técnico municipal en xestión cultural.*

*O importe da subvención que se solicita é de 15.000,00 €.*

*SEGUNDO.- Facultar ao alcalde, Xosé Lois García Carballido, para as actuacións precisas.*

*TERCEIRO.- Remitir en prazo á Deputación da Coruña a certificación do presente acordo xunto co resto da documentación esixida nas bases das convocatorias.*

**Sométese a votación e Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:**

**PRIMEIRO.-** Acordar a solicitude de subvención do Programa da Deputación Provincial da Coruña de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou creación de postos de traballo de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2021 (FO206/2021); de acordo coas bases dos BOP, obrigas e compromisos recollidos no resto da documentación.

A modalidade de subvención que se solicita é a modalidade B: mantemento do posto de traballo de técnico municipal en xestión cultural.

O importe da subvención que se solicita é de 15.000,00 €.

**SEGUNDO.-** Facultar ao alcalde, Xosé Lois García Carballido, para as actuacións precisas.

**TERCEIRO.-** Remitir en prazo á Deputación da Coruña a certificación do presente acordo xunto co resto da documentación esixida nas bases das convocatorias.

**6.2 EXPEDIENTE: 2021/A008/000007. CULTURA. SUBVENCIÓN MANTEMENTO ESCOLA DE DANZA 2021 (FO 207/2021)**

Por parte da presidencia expónse a proposta de alcaldía que no seu literal di:



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

## **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Programa da Deputación Provincial da Coruña de subvención a concellos e outras entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais durante o ano 2021 (FO207/2021).**

### **ANTECEDENTES**

- No BOP núm. 10, do 18/01/2021, saen publicadas as Bases reguladoras, en réxime de concorrencia non competitiva, do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para contratar persoal técnico para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais durante o ano 2021. (Resolución do Presidente da Deputación núm. 1074 do 14 de xaneiro de 2021).

No BOP núm. 15, do 25/01/2021, publícase o extracto da Resolución número 2021/1431 do 14/01/2021, pola que se aproba a convocatoria do “Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais durante o ano 2021.” (FO207/2021).

A documentación a presentar é a seguinte:

- Documento acreditativo da delegación da alcaldía/presidencia, no seu caso, no que se especifique o alcance da dita delegación (presentación telemática das solicitudes de subvencións, sinatura electrónica de todos os documentos necesarios para a súa tramitación, incluíndo as certificacións).
- Certificación acreditativa do acordo de solicitude.
- Autorización para que a Deputación poida obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está o corrente nas súas obrigas tributariase coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos das subvencións.
- Documento acreditativo da aprobación da última conta xeral que legalmente sexa exixible e da súa presentación perante os órganos de control externo.
- Memoria técnica sobre os aspectos relacionados co coñecemento e a valoración do proxecto global do centro, que conterá os aspectos que se valorarán segundo o establecido na base 8.
  
- Orzamento estimado dos gastos de carácter corrente non inventariable derivados da realización da actividade, detallado por conceptos e importe da subvención solicitada, que poderá acadar o 100% do orzamento de gastos.
- Declaracións sobre os seguintes aspectos:
  - \* N.º de profesores/as do centro.
  - \* N.º de alumnos/as do centro.
  - \* N.º de especialidades instrumentais/danza ofertadas no centro.



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail:

CIF: P1506900H  
REL : 01150682  
RELG.: MU 2000/15

**CONCELLO DE PONTECESO**

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

- \* *N.º total de horas de clase que se imparten á semana sumando o conxunto do profesorado.*
- \* *N.º de horas de práctica instrumento/danza que se imparten á semana por alumno/a.*
- \* *Alcance territorial do centro: indicar o número de alumnos/as de concellos diferentes ao que solicita a axuda.*
- \* *Utilización da lingua galega no desenvolvemento do plan de actividades.*
- \* *Fontes de financiamento do proxecto (achega da entidade solicitante, outros recursos externos para o autofinanciamento).*
- \* *Outras subvencións concedidas ou solicitadas para o mesmo obxecto.*

*Vistas as competencias da alcaldía, conforme ao artigo 21 das Bases de Réxime Local e que no Concello de Ponteceso están delegadas na Xunta de Goberno Local, segundo Resolución de Alcaldía 374/2019 e 283/2020.*

**Propoño á Xunta de Goberno Local:**

*PRIMEIRO.- Acordar a solicitude de subvención do Programa da Deputación Provincial da Coruña de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais durante o ano 2021 (FO207/2021), de acordo coas bases dos BOP, obrigas e compromisos recollidos no resto da documentación.*

*A modalidade de subvención que se solicita é : mantemento da escolas de danza municipal.*

*O importe da subvención que se solicita é de 10.000,00 €.*

*SEGUNDO.- Facultar ao alcalde, Xosé Lois García Carballido, para as actuacións precisas.*

*TERCEIRO.- Remitir en prazo á Deputación da Coruña a certificación do presente acordo xunto co resto da documentación esixida nas bases das convocatorias."*

**Sométese a votación e Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:**

**PRIMEIRO.-** *Acordar a solicitude de subvención do Programa da Deputación Provincial da Coruña de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais durante o ano 2021 (FO207/2021), de acordo coas bases dos BOP, obrigas e compromisos recollidos no resto da documentación.*

*A modalidade de subvención que se solicita é : mantemento da escolas de danza municipal.*

*O importe da subvención que se solicita é de 10.000,00 €.*



**SEGUNDO.-** Facultar ao alcalde, Xosé Lois García Carballido, para as actuacións precisas.

**TERCEIRO.-** Remitir en prazo á Deputación da Coruña a certificación do presente acordo xunto co resto da documentación esixida nas bases das convocatorias.”

### **6.3 MOCIÓN DE URXENCIA**

**EXPEDIENTE: 2021/A003/000001. DEPORTES. SUBVENCIÓN MANDTEMENTO PERSOAL TÉCNICO DE CULTURA 2021 (FO106/2021).**

**En primeiro lugar procede a a ratificación da urxencia, que é apreciada por unanimidade.**

Por parte da presidencia expónse a proposta de alcaldía que no seu literal di:

#### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

***Programa da Deputación Provincial da Coruña de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou contratación de persoal técnico nos servizos municipais de deporte en 2021 (FO106/2021)***

#### **ANTECEDENTES**

*-No BOP núm. 225, do 31/12/2020, saen publicadas as Bases reguladoras, en réxime de concorrencia non competitiva, do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou contratación de persoal técnico nos servizos municipais de deportes 2021. (Resolución do Presidente da Deputación núm. 42645 do 28 de decembro de 2020). As cales indican que a documentación que se ha de presentar é a seguinte:*

- . Certificación acreditativa do acordo de solicitude.*
- . Documento acreditativo da delegacións da alcaldía/presidencia, no seu caso, no que se especifique o alcance de dita delegación (presentación telemática das solicitudes de subvencións, sinatura electrónica de todos os documentos necesarios para a súa tramitación, incluíndo as certificacións)*
- . Modalidade de subvención á que opta.*
- . Autorización para que a Deputación poida obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está o*



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

*corrente nas súas obrigas tributariase coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos das subvencións.*

- . Documento acreditativo da aprobación da última conta xeral que legalmente sexa exigible e da súa presentación perante os órganos de control externo.*
- . Orzamento estimado dos gastos derivados da contratación e declaración doutras subvencións concedidas ou solicitadas para o mesmo obxecto.*
- . Declaración de compromiso da utilización da lingua galega na realización e desenvolvemento dos proxectos e actividades e de participación nas actividades formativas organizadas pola área de Deporte da Deputación da Coruña no ámbito das políticas deportivas.*

*-No BOP núm. 9, do 15/01/2021, publícase o extracto da Resolución número 2021/324 do 8/1/2021, da Presidencia da Deputación da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do "Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou contratación do persoal técnico nos servizos municipais de deporte, durante o ano 2021" (FO106/2021).*

*Vistas as competencias da alcaldía, conforme ao artigo 21 das Bases de Réxime Local e que no Concello de Ponteceso están delegadas na Xunta de Goberno Local, segundo Resolución de Alcaldía 374/2019 e 283/2020.*

#### **Propoño á Xunta de Goberno Local:**

*PRIMEIRO.- Acordar a solicitude de subvención do Programa da Deputación Provincial da Coruña de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou contratación de persoal técnico nos servizos municipais de deporte en 2021 (FO106/2021), segundo as bases publicadas nos BOP, obrigas e compromisos recollidos no resto da documentación.*

*-A modalidade de subvención que se solicita é a modalidade B: Mantemento do persoal técnico municipal con titulación universitaria.*

*-O importe da subvención que se solicita é de 15.000,00 €.*

*SEGUNDO.- Facultar ao Alcalde, Xosé Lois García Carballido, para as actuacións precisas*





**CONCELLO DE PONTECESO**

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

**TERCEIRO.-** Remitir en prazo á Deputación da Coruña a certificación do presente acordo xunto co resto da documentación esixida nas bases da convocatoria.

**Sométese a votación e Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:**

**PRIMEIRO.-** Acordar a solicitude de subvención do Programa da Deputación Provincial da Coruña de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou contratación de persoal técnico nos servizos municipais de deporte en 2021 (FO106/2021), segundo as bases publicadas nos BOP, obrigas e compromisos recollidos no resto da documentación.

-A modalidade de subvención que se solicita é a modalidade B: Mantemento do persoal técnico municipal con titulación universitaria.

-O importe da subvención que se solicita é de 15.000,00 €.

**SEGUNDO.-** Facultar ao Alcalde, Xosé Lois García Carballido, para as actuacións precisas

**TERCEIRO.-** Remitir en prazo á Deputación da Coruña a certificación do presente acordo xunto co resto da documentación esixida nas bases da convocatoria.

7. Escritos e comunicacións:

8.- Dación de conta de decretos: **Resolucións dende 15-12-2020 (exp:2020/G003/000969 RES 928/2020 ata 29-01-2021 (exp: 2021/G003/000078 RES 64/2021)**

A XGL dase por enterada.

9.- **ROGOS E PREGUNTAS: Non se presentaron rogos nin preguntas**

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás \_\_\_\_\_ do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, do que como secretaria dou fe, asinandoa xunto co alcalde.

O Alcalde

A secretaria

Asdo.: D. Xosé Lois García Carballido

Asdo: D<sup>a</sup> Antía Pena Dorado

Documento asinado electrónicamente ao marxe.